

ADMISIÓN ALUMNADO 2023 2024

A Orde de [21 de outubro de 2022](#) regula o novo proceso de admisión de alumnado en centros escolares sostidos con fondos autonómicos para o curso 2023/24, co seguinte calendario:

- **Do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2023:** prazo de reserva para o alumnado que finaliza etapa nun centro e pasa a outro.
- **22 de febreiro de 2023:** publicación da listaxe de alumnado con posto reservado.
- **Antes do 1 de marzo:** sorteo público para os efectos de desempate.
- **Do 1 ao 20 de marzo de 2023:** prazo de solicitude de admisión para o alumnado que se incorpora por vez primeira ao sistema educativo galego ou para os que cambian de centro de maneira voluntaria.
- **25 de abril de 2023:** publicación da listaxe provisional de admitidos. Cinco días hábiles para formular reclamacións a partir do día seguinte da súa publicación.
- **15 de maio de 2023:** publicación da listaxe definitiva de admitidos.
- **Do 20 ao 30 de xuño de 2023:** prazo de formalización de matrícula para todo o alumnado admitido no centro.

A continuación, exponse **TODA A INFORMACIÓN DO PROCEDEMENTO**, tal e comose establece na Orde, e que tamén pode consultarse no taboleiro da Secretaría do centro ou na aplicación [admisiónalumnado](#):

- **Normativa.** O procedemento de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos regúlase na [Orde de 21 de outubro de 2022](#), pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Prazo de presentación das solicitudes de reserva de praza: do 14 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2023** para o alumnado que finaliza etapa nun centro ou colexio adscrito e pasa a outro, tendo que presentar a solicitude de reserva de praza, o que se pode facer:
 - ◆ A través da aplicación informática [admisiónalumnado](#),
 - ◆ A través da sede electrónica da Xunta de Galicia,



- ◆ Ou ben cubrindo o impreso de solicitude e presentándoo fisicamente e en prazo na Secretaría do centro.
 - ◆ O alumnado que xa está no CEIP de Caión ten garantida a súpermanencia nel e non ten que solicitar reserva de praza cada ano.
-
- **Data de publicación da listaxe do alumnado con posto reservado:** 22 de febreiro.
 - **Postos escolares ofertados** en cada nivel e etapa: (pendente de actualizar: ver na web do centro)
 - **Prazo de presentación das solicitudes de admisión:** para o resto do alumnado, do 1 ao 20 de marzo. **INFORMACIÓN A COÑECER PREVIAMENTE:**
 - O alumnado que xa cursa estudos no centro ten garantida a permanencia. En caso de presentar a solicitude noutro centro, debe comunicalo.
 - Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata un máximo de seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar. Unha vez presentada unha solicitude, para renunciar a ela deberá facerse expresamente indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude a presentar.
 - O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito (no que está matriculado nese momento), e identificará o centro de adscrición que solicita.
 - En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certosos datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da Orde que o regula.
 - **Formalización e presentación da solicitude de admisión e a documentación.** A presentación pode facerse:



- Descargar o impreso de solicitude da aplicación [admisiónalumnado](#) ou danosa páxina web, cubrir o impreso e entregalo na secretaría do centro.
- Cubrindo directamente o impreso de solicitude de admisión ou creándoo a través da aplicación [admisiónalumnado](#), a través do menú Solicitudes, Admisión, Crear solicitude de admisión. Feito iso, débese:
 - ◆ Imprimir dito formulario e achegalo ao centro educativo escollido en primeiro lugar.
 - ◆ Ou ben, se dispoñen de certificado dixital, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.
- Xunto coa solicitude debe entregarse tamén:
 - ◆ Fotocopia do DNI do alumno/a.
 - ◆ Copia do libro de familia.
 - ◆ Certificado de empadramento (se desexa alegar o punto extra por proximidade ao centro).
- E, de ser o caso e ter que baremar por haber máis solicitudes que prazas, debe acompañarse de:
 - ◆ Certificado ou comprobación de irmás/áns matriculadas/os no centro.
 - ◆ Certificado de nai, pai ou titor/a legal traballador do centro.
 - ◆ Certificado da empresa por proximidade do centro ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es legais
 - ◆ Certificado de familia numerosa ou condición de familia monoparental.
 - ◆ Certificado de discapacidade da alumna ou alumno ou membro da unidade familiar.
 - ◆ Certificado de nacemento de irmáns por parto múltiple.
 - ◆ Sentencia acreditativa de vítima de violencia de xénero ou vítima deterrorismo.
 - ◆ Resolución da sentencia de separación.
- **Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados:** 10 días hábiles a partir do 21 de marzo.
- **Data de publicación das listaxes de alumnado admitido e non admitido:** as listaxes serán publicadas no taboleiro da Secretaría do centro, podendo



consultarse tamén a información a través de Chave 365 na aplicación [admisiónalumnado](#).

- ✓ **Listaxe provisional:** 25 de abril.
 - ✓ **Prazo para formular reclamación:** nos cinco días hábiles seguintes.
 - ✓ **Listaxe definitiva:** 15 de maio.
 - ✓ Segundo o artigo 36 da Orde, contra a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- **Prazo para formalizar a matrícula:** para todo o alumnado, do **20 ao 30 de xuño** de 2023.
 - **Centros adscritos:**
 - ✓ O CEIP de Caión NON ten centros de adscrición.
 - **Centros de adscrición:**
 - ◆ IES Agra de Leborís (A Laracha)
 - **Área de influencia do centro:** a nosa zona de influencia ven determinada polas rutas de transporte que temos no centro. Consultar na Dirección a ruta.
 - **Servizo de transporte.** Regulado pola Instrución conxunta 1/2022. Os alumnos que vivan a máis de dous quilómetros do centro, na súa área de influencia, teñen un servizo de transporte escolar gratuíto mentres estean escolarizados no centro. O alumnado que obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo as áreas de influencia, non terá dereito a este servizo complementario. O centro ten unha liña que cubre a nosa área de influencia.
 - A admisión e posterior matriculación no centro educativo implicará respectar o proxecto educativo, así como as normas de organización e funcionamento do mesmo.
 - Máis información: na aplicación [admisiónalumnado](#) onde poderá consultarse:
 - ✓ **O cronograma** coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
 - ✓ A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
 - ✓ A relación do alumnado de cada curso, co número de solicitudes de admisión asignado pola aplicación [admisiónalumnado](#) no momento da súa gravación.
 - ✓ O estado de tramitación da solicitude presentada, utilizando o número da mesma e o número de DNI da persoa solicitante.
 - ✓ A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva



do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido.

- ✓ Esta información pódese consultar utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e a Chave365.

SOLICITUDES DE ADMISIÓN:

- [EN GALEGO](#)
- [EN CASTELÁN](#)

A DIRECCIÓN